



CAMPO DE VOLUNTARIADO “A IDADE DO BRONCE” (CAMPO LAMEIRO - PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
16-27/07/2020	18-30	Estatal	Arqueolóxico	12

LOCALIZACIÓN



Campo Lameiro é un concello da provincia de Pontevedra situado a 20 km da cidade de Pontevedra e a 40 km da capital galega, Santiago de Compostela.

Campo Lameiro é a capital galega da arte rupestre, cunha importante colección de petróglifos localizados no Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre (www.paar.es).

A recreación dun pequeno poboado de fai 4.000 anos, integrado por varias cabanas, estruturas de almacenamento e cercados para os animais construídos cos mesmos materiais que no pasado, pretende acercar o visitante á vida cotiá durante a Idade de Bronce.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO



As tres principais tarefas que se realizarán neste campo de voluntariado son:

- Colaboración na limpeza dos petróglifos e o seu contorno máis próximo.

- Colaboración no mantemento dun pequeno poboado réplica da idade de bronce.
- Colaboración na divulgación do Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre (www.paar.es).

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Rutas de sendeirismo

Excursións a Santiago de Compostela, á Illa de Arousa, Cambados, O Grove e á praia da Lanzada

Excursión a Corrubedo e Castro de Baroña



COMO CHEGAR

Por estrada desde Pontevedra prestan o servizo as compañías www.autocarescuina.com e www.autocaresriasbaixas.com.

www.monbus.com conecta Vigo con Pontevedra, Santiago con Pontevedra e Lugo con Pontevedra. A Coruña con Pontevedra tamén a opera www.alsa.com ademais de www.monbus.es.

Outra posibilidade de chegar a Pontevedra é en tren (www.renfe.es).

ALOXAMENTO

Pensión - Restaurante Casa Tito. Estrada Codeseda, nº 10, 36110 Campo Lameiro (Pontevedra)

INCORPORACIÓN

O primeiro día a partir das 16.00 h no lugar do aloxamento.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).



CAMPO DE VOLUNTARIADO “A IDADE DO BRONCE”

(CAMPO LAMEIRO - PONTEVEDRA)

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, der ser o caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha.
- Saco de durmir e mochila para as rutas.
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo.
- Roupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (guantes, gorro)

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

www.facebook.com/xuventude.net

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de traballo, ocio e tempo libre, actividades, formación...

www.xacobeo.es. Páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos

www.turgalicia.es. Portal de información turística de Galicia

www.paar.es Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre.